


NARRATIVA

Camilo Franco

Palabras contadas



Palabras contadas · Camilo Franco
· Xerais, 2006 · 174 páx. · 14,80
euros

Abandeirado da literatura brevísima e condensada, Camilo Franco nas súas *Palabras contadas* incluíu máis dun cento de microrrelatos, outros trinta argumentos de novela, e cinco relatos algo máis extensos (tres ou catro páxinas), que el denomina “bises”. *Palabras contadas* deu pé á exposición homónima da Fundación Luís Seoane, organizada dentro do Proxecto-Edición, onde a palabra foi colocada como código e como significante en soportes propios da cultura de masas.